

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN EXPONAV PARA CONTRIBUIR AO MANTEMENTO DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL NO ANO 2022.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

**DECLARA:**

Que a Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación EXPONAV o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2022.

**Que o instrumento convencional ten por obxecto:**

A colaboración da consellería de Cultura, Educación e Universidade coa Fundación EXPONAV para contribuir ao mantemento do Museo da Construcción Naval no ano 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

**Que o instrumento convencional que se pretende asinar basease no seguinte:**

**Primeiro:** Que a “Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas – EXPONAV” (en adiante EXPONAV) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída baixo a forma xurídica de fundación que ten a clasificación, declaración e inscrición no rexistro de Fundacións do Ministerio de Defensa.

O Museo da Construcción Naval é o principal museo marítimo español dedicado á historia da construción naval no mundo e, en particular, en España. Considérase polos expertos o museo máis completo de Europa na súa temática. A exposición constitúe un dos eidos obxecto da fundación; outro ámbito de enorme interese é o extenso legado documental en forma de monografías, planos e outros documentos ao servizo do investigador.

O Museo da Construcción Naval foi creado co propósito de servir de lugar de encontro entre a sociedade, a industria e a comunidade científica para divulgar o desenvolvemento das técnicas de construción dos buques e os materiais empregados, presentando os diversos aspectos relacionados con esta materia: dende a evolución das tecnoloxías e ferramentas ata o momento máis importante dun barco, a botadura e a navegabilidade posibilitando a comprensión desta tecnoloxía e o coñecemento do noso pasado naval.

**Segundo:** A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro dos seus ámbitos de competencias, amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.





**Terceiro.** De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrência pública dado o carácter singular das actividades subvencionadas, que non as vai desenvolver ningunha outra institución coa proxección nacional e internacional de EXPONAV. Así mesmo, resulta de utilidade pública tanto pola diversidade de sectores de poboación coma polo número de persoas que participan nelas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

#### **Cuarto. Tramitación anticipada.**

Este convenio tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, se existe crédito adecuado e suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2022.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, establece que os expedientes de gasto se poderán iniciar, sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente, no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia. Por iso, a eficacia desta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2022, no momento da resolución de concesión.

A tramitación anticipada deste convenio permitirá que poida comezar a súa execución e xustificación de gastos unha vez que se acorde a apertura do exercicio orzamentario 2022.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O Secretario Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

